

Área: Comité Arbitral

Circular nº 01 – Tempada 22-23

OBRIGAS BÁSICAS DO COLECTIVO ARBITRAL

Despois da celebración do Stage de pretempada 22-23; a través da presente circular lembramos algunhas das principais obrigas do colectivo arbitral (árbitros/as, anotadores/as e cronometradores/as):

- **CANLE DE COMUNICACIÓN:** Consultar o enderezo electrónico a diario e dar resposta aos e-mails nun prazo máximo de 24 horas.
- **ALTA NA PLATAFORMA E SOLICITUDE SEGURO DEPORTIVO:** Todos os membros/as do colectivo deben estar dados/as de alta na plataforma Misquad e solicitar o seguro deportivo obrigatorio antes de comezar a exercer cada tempada.
- **DISPOÑIBILIDADE:** Actualizar correctamente a súa dispoñibilidade semanal na plataforma Misquad antes do luns da mesma semana ás 20:00 horas; en caso de sufrir algún imprevisto despois do luns, deberá comunicarse o antes posible mediante o enderezo: cte.arbitros@fgbalonman.com, a comunicación debe ser clara e concisa, deixando clara a dispoñibilidade.
- **ACEPTACIÓN DESIGNACIÓNS:** Aceptar as designacións antes do mércores da mesma semana ás 16:00 horas (as designacións realizaranse os martes).
- **FACTURACIÓN:** Subir os gastos relativos á xornada (dereitos arbitrais, dietas e desprazamentos) antes do martes posterior á celebración dos encontros ás 00:00 horas.
- **DÚBIDAS:** Chamar á federación (986 410 618) para aclarar calquera tipo de dúbida respecto aos trámites administrativos básicos do colectivo.

- **INCUMPRIMENTO DE PRAZOS E FORMA:** Comunicar calquera tipo de incidencia no cumprimento das anteriores cuestións antes de que rematen os prazos oficiais a través do enderezo electrónico cte.arbitros@fgbalonman.com ou en caso de urxencia chamando ao 986 410 618.
- **SANCIÓNS:** O incumprimento dos prazos ou as formas indicadas nesta circular sen previo aviso, provocará a perda do dereito a cobro por parte dos membros/as do colectivo arbitral.

Federación Galega de Balonmán.



En Vigo a 30 de agosto de 2022.